# Suplemento n.º 2 de

# NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
**Vicente Risco**

Direitor Artístico
**Alfonso R. Castelao**

Adeministrador
**ANXEL CASAL**

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.º—A CRUÑA

## SUMARIO

ROMANCES GALEGOS, escolmados por Ramón Martínez López.

(Novelas galegas) O PORCO DE PÉ, por Vicente Risco.

LÍRICA CONTEMPORÁNEA.

Agasallo de

**Sombrereiría LEMUS**

San Andrés, 74 A Cruña.

# VERBAS

Estamos ledos. O primeiro número d'estes fasciculos foi acollido con intrés. Lîdo avidamente. Chegaron a nós moitos parabéns non somentes d'aqueles que sempre preocupáronse do rexurdimento da cultura galega senón tamèn de muitos galegos que non se distinguiron en esa preocupación. Mans que recibiron un exemprar, mans que o gardaron e conservan con fonda estima para seguir a coleición. Non podiamos aspirar a mais conoscida a nosa intención que xá espricamos n'esta mesma páxina no número anterior.

Hoxe sae o segundo fascículo. Entre ún e outro, houbo novos motivos de ledicia pr'os que temos seguro o trunfo próisimo do noso renascemento cultural. Pubricamos varios libros: «A Lagarada», farsada dramática de Ramón Otero Pedrayo; «Cantigas e verbas ao ar», poesías de Xulio Sigüenza; «A volta do Bergantiñán», poema de San Luís Romero; «Como falan os brañegos», de Noriega Varela; «Romances galegos», de Eduardo Blanco Amor, e outros.

Están no prelo pra sair axiña «Vaosilveiro», novela de Gonzalo López Abente e un segundo libro de «Cousas» de Castelao con novos orixinás.

No mes que vén Vicente Risco fará o seu ingreso na Academia Galega con un traballo en galego de gran intrés ao que contestará o poeta Cabanillas. Seguidamente ingresarán Villar Ponte e Otero Pedrayo que xa veñen facendo os seus traballos tamén en galego.

Na próisima primaveira celebraráse en Oporto a «Semán galega» â que concurrirán os nosos escritores e poetas. Un gran acontecimento cultural galego e de aproximación ao irmán Portugal. Orgaizado pol-a Sociedade «Amigos da arte galega» de Compostela celebraráse no próisimo vrán unha exposición de arte galega en Bós Ars e Montevideo. Nos primeiros días de Abril estrenaráse na Cruña a ópera galega «O Mariscal» adaptada do gran poema épico de Villar Ponte e Cabanillas ao que puxo inspirada música o distinto compositor cruñés Sr. Losada Rebellón. Coincidindo con este acontecimento aparecerá a 2.ª edición de «O Mariscal» da que se fará unha gran tirada.

As revistas galegas «Nós» e a «Nosa Terra» continúan con gran entusiasmo a sua obra galeguizadora pubricando constantemente traballos de gran importancia e poñéndose en relación con entidades e revistas literarias de Italia, Portugal, Alemania, Inglaterra, Bélxica, Francia e outros paises que se intresan pol-o actual estado da nosa cultura.

N'unha verba: Que o galeguismo aitivo e a cultura realizada na nosa fala ábrese camiño e afírmase cada día mais.

Para nós non é un segredo que Galicia afirma o seu lumioso porvir pero convén que vaianse decatándose d'elo os que ainda non caeron na conta demostrando con elo un condenabre delito de antipatriotismo.

SUPLEMENTO GRATUITO DE NÓS

1929 - FASCÍCULO II | MES DE XANEIRO

# Romances Galegos

## ESCOLMADOS DO POBO

POR

RAMON MARTINEZ LOPEZ

★

## A ROMEIRA

Por aqueles campos verdes
linda romeira camiña,
saia leva sobre saia
basquiña sobre basquiña
zapato leva picado
a estilo de Andalucía;
media levaba encarnada
que de lonxe relocía
peiteando vai seus cabelos
con peine de prata fina

seus cabelos que de longos
todo o alto lle cubrían.

Mirando vai cara atrás
mirando si alguén a vía;
ben a vira un cabaleiro
que de amor a pretendía
a nena como discreta
en ves de andar corría
cabaleiro de a cabalo
axiña alcance a daría.

De lonxe lle dice «agarda,
agarda agarda meniña
dame teu corpo romeira
senón quitareiche a vida».

—«Por Dios pido cabaleiro
por Dios e Santa María
que me deixes ir con honra
a esta santa romería

—«Ou che hei de quital-a honra
ou che hei de quital-a vida».

Todos poden conocer o noso pasado, mercando
**Historia Sintética de Galicia**
por R. Villar Ponte.

Andiveran volta a volta;
puñal de ouro lle caía;
a nena como discreta
moi de presa o recollía
meteullo por antre as costas
e o curazón lle partía.
—«Por Dios che pido romeira,
por Dios e Santa María
que non digas na tua terra
e nin tampouco na miña
que matache un cabaleiro
con as armas que el traguía».

—«Non-o direi cabaleiro
hasta na primeira vila
que che ha de ser un segredo
como gaita en romería».
En chegando â sua casa
xa seu pai ben o sabía
que matara un cabaleiro
con as armas que el traguía.

—«Oh benhaias ti romeira
i-a madre que te parira

A millor historia do século pasado
**Os Camiños da Vida**
por Otero Pedrayo.

que matache un cabaleiro
con as armas que el traguía».

## SANTA IRENE

Estando a coser
na miña almofada
con agulla de ouro
e dedal de prata
veu un cabaleiro
-- pedindo pousada
—Si meu pai lla dera
eu de boa gana».
Fixéronlle a cama
no medio da sala
con colchas de seda
sábanas de Holanda
Alá pol-a media noite
cabaleiro pideu auga;
eu coma filla mais vella

O galego que non fala - na língua da sua terra. - Non sabe o que ten de seu - nin é merecente d'ela

# BANCO PASTOR

(Casa Fundada en 1776)

---

Capital suscrito . . . Ptas. 17.000.000
Id. desembolsado . » 11.000.000
Fondo de reserva . . » 2.500.000

---

## Casa Central: A CRUÑA

---

### Sucursales en:

CARBALLIÑO, CARBALLO, O FERROL, A ESTRADA, LUGO, MELIDE, MONDOÑEDO, MONFORTE, MUXÍA, NOIA, OURENSE, ORTIGUEIRA, PADRÓN, PÓBOA DO CARAMIÑAL, PONTEDEUME, RIVADABIA, RIBADEO, SARRIA, TUY, VIGO, VILLALBA e VIVEIRO

---

## Telegramas: PASTOR

levanteime e fun a darlla
colleume pol-a cintura
n'un cabalo me montara;
sete leguas andivera
sin me dar algunha fala
ao cabo das sete leguas
dixo como eu me chamaba

—Na casa dos meus pais
era Irene afortunada
agora por estes montes
son Irene a desgraciada.

Logo cortoulle a cabeza
coa puntiña da sua espada.
Ao cabo dos sete anos
cabaleiro alí tornara
Vira estar unha capela
de todo moi adornada.

—Decideme pastoriños
pastoriños da cabrada
¿de quen é aquela hermida
que está tan ben adornada?
Esta é de Santa Elena
que un cabaleiro matara.

XIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIX

# Conto de Guerra

Arte e literatura, por Camilo Díaz.

—¡Perdoame Santa Elena
que eu serei voso romeiro!

Como che hei de perdoar,
ladrón, lobo carniceiro,
si me quitache a cabeza
como o lobo ao carneiro!

***

Esa grinalda de rosas,
filla, dís quen cha donara?
Ma donou un cabaleiro
que a miña porta pasara;
tomarame pol-a man,
a sua casa me levara,
en un portaliño escuro
connosco se deleitaba
deitoume en leito de rosas
no que nunca fun deitada.

Lea vostede

**O porco de pé**

por Vicente Risco.

Fíxome—non sei que fixo
que de él veño namorada:
miña nai, teño a camisa
do meu sangue ensanguentada.

¡Oh miña filla belida;
¡oh miña filla aloucada!
Si é verdade canto dices,
a tua honra non val nada:
a xente e marmuradora,
logo serás deshonrada.

Caledes nai bonitiña,
caledes nai adourada,
mais vale ter bon amigo
que non ser mal maridada.
Dame o meu amigo mai
bon mantelo e boa saia
a que cobra mal marido
vive malaventurada.

Filla pois así quereis
ti contenta, eu ben pagada.

Galicia será grande pol-o esforzo dos seus fillos ¡Traballe por ela!

# A FLOR DE AUGA

Mañanciña de San Xohan
mañanciña a mais garrida
que baila o sol cando nace
e si cando morre o día.
—Onde vai Nosa Señora?
onde vai Santa María?
—Vai cara a banda do mar
vai cara a banda ría.
—Que diz a Virxen que diz?
que dice Santa María?
—Cal será a meniña cal
que cate a flor da auga fría?

***

Ouviu a filla do Rei
de altas torres onde estaba;
moi de presto se vestira
moi de presto se calzara
collera o xarro de vidro


# Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte.

**Tres visións: o caciquismo, a emigración i-as supersticións**

e a fonte marcha por auga.
—Señora gardevos Deus
—Doncella, moi ben chegada
—Filla do Rei son Señora
veño tras da flor da auga
—Para ser filla do Rei
ves ti mal acompañada
—Veño sin saber meu pai
que a sabelo s'enfadara,
xarriña traio de vidro,
vos ma daredes de prata.
—Ben está; mais si che din
quen te deu tan linda xarra
contesta que unha señora
que sobre todos mandaba.
—E pois mandas sobre todos
mandai que eu sexa casada.
—Casadiña miña filla
e mais ben afortunada;
casadiña con tres fillos
todos de capa e espada
un será Rei de Sevilla
outro o será de Granada;

**O Galo**

*Obra póstuma de Amado Carballo*

*Libro-homenaxe. 3 ptas.*

outro será para o ceo
para Deus que así lle agrada.
Estando n'estes falares
e caíndo desmaiada
Nosa Señora envolveuna
nos plegues da sua capa
Pro chega Xesús e dille:
—Miña nai? que é o que ahí garda?
—A filla do Rei eu gardo
que desmaiarseme acaba
Noso Señor descubreuna
e alí tocandolla cara,
a filla do Rei esperta
e desperta na sua cama.

---

Merque

# A Lagarada

FARSADA DRAMÁTICA

**por Ramón Otero Pedrayo.**

O mais típico da nosa terra refrexado
artísticamente por Xaime Prada.

# Grabados en Linoleum

NOVELAS GALEGAS

# O PORCO DE PÉ

por VICENTE RISCO.

*A continuación pubricamos uns anacos da derradeira novela de Risco, para que os nosos lêtores, que a non conozan, se decaten do seu grande mérito, que xustifica o eisito de venda que acadou ista obra que debe lêr todo bó galego:*

Na post-guerra, Don Celidonio ascendeu de porco á marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou com'o fol da gaita.

Agora é persidente da Xuntanza Cibdadana e d'outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvile. Aínda podían teren mais.

Vouvos referil-a vida de Don Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero García, aquil que lle berraba ôs seus mancebos: «Cando na miña casa entra unha peseta, pra que volva saír, compre facer un espediente!!!»

D'iste xeito veredel-o que vai de tempos a tempos.

. . . . . .

Don Celidonio é gordo e artríteco. O carrolo saille pra fora; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da coor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco pra baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos y-en pingotas bastas, com'as que deitan os chourizos cand'están no fumeiro.

. . . . . .

Poise, Don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañós, enzoufado no aceite e no bacallau.

Tamén Baldomero García viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo pol-as portas. . .

# LÍRICA CONTEMPORÁNEA

## GALICIA

¡Galicia! Nai e Señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!

¡Galicia! ¡A Galicia santa
de romeiros e xuglares!
¡A de historia que abrilanta
a Tradición nos fogares!

¡A que suspende e namora
c-o inespricabre segredo
da gaita que rindo chora
e do alalá triste e ledo!

Poemas de vanguarda

**De Catro a Catro**

por Manuel Antonio.

A que sabe as canturías
de Rodríguez do Padrón
e inda leva de Macías
a frecha no corazón!

A dos antigos mosteiros,
a dos pazos encantados,
a dos santos milagreiros
contra os estangarañados.

A das froridas valgadas,
a de barulleiro mar,
a das roibas alboradas
e a das noitiñas de luar.

A dos toxos feridores,
a das rosas velaíñas,
a dos ventos berradores
e a das choivas miudiñas.

Adequira a derradeira producción

**Como falan os brañegos**

de Noriega Varela.

A do Sar maino e tristeiro,
pazo de almas enloitadas,
e o Miño casamenteiro
de trasnos, meigas e fadas.

A dos seráns campesinos,
a dos brilantes orballos,
a dos queixumes dos pinos
e as risadas dos carballos.

O pobo de outras edás,
traballador e guerreiro:
o das hirtas Irmandás,
do Medulio e do Cebreiro...!

¡Sempre Nai, sempre Señora,
con leda ou cativa sorte;
preto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!

Suscríbase a

**A Nosa Terra**

Idearium das Irmandades da Fala.

A facenda, o creto, a vida,
o fogar... ¡todo por ela!
Con Castela, ben querida;
aldraxada... ¡sin Castela!

¡Irmáns! Rubamos ó cume
desatrancando o camiño,
e botemos man do lume
onde non chegue o fouciño!

¡Todo prá nosa Galicia,
fror de todal-as virtudes;
prá sedenta de xusticia,
ferida de escravitudes!

Namentres o sangue vibre
en beizos e corazón...
¡a espranza de vela libre
e este berro: ¡Redención!

Fagamol-a nosa Arte na nosa língua

si queremos que sexa nosa

¡Xuremos!
«Dereito ou torto,
«sin mais alcuño ni-achego,
«doente ou sán, vivo ou morto,
«gallego... ¡soyo gallego!»

RAMÓN CABANILLAS

---

## RI-TE...

Ajuda-te ben, mociño,
qu'a mocidade é mui corta,
aproveita-te da vida,
divirte-te o mais que poidas,
que te non coute a tristura
n'esa idade venturosa,
ri-te muito, ri de cote
longe de tí a dor ajota,
vai a trullas e romajes,
algarea, runfea, chouta,
rua a feito, canta, atruja,

# A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral no día de mañá

No diario aseo dos seus nenos emplee o

## Jabón Sales de la Toja

ùnico que âs suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador. Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**1 pta.**
Pastilla

JABÓN

# La Toja

## Unico en el mundo

O "Xabón da Toxa" ademais de ser o mellor é un producto galego que nos honra no mundo enteiro

campa nas festas e troulas,
s'hai gaita vai ao turreiro,
luita c'as mozas s'hai mozas,
non perdas baila nin trisca,
espadela nin esfolla,
que namentras tí souril
borreas, trunfas e gozas,
a tua Terra, a dos teus,
leixada chora!

Por un camiño de seijos,
abaifada e soedosa,
vai arrastrando os grilons
da cadea qu'a aprisiona.
Por ajuda leva o escarnio;
e de compañeira, a mofa;
a escuridade de guía,
e de cortejo qu'a honora,
unha manada de dogos
c'os instintos da raposa,
sempre c'os dentes chantados
na sua honra.

O amor â humanidade obríganos
á laborar pol-a Nosa Terra

Por roupa viste o fatelo
de farrapos que lle donan,
pois todo o que ten de seu
é d'esmola.

Derrubaron-lle o casal,
i ao hachar, ja vente ou chova,
saudosa vai mundo adiante
de porta en porta.

N'hai quen lle bote unha mao,
n'hai quen do seu mal se doia,
qu'inda os que se chaman seus
da mesma mai s'avergonzan.

Son eles os que sosteñen
o cepo en qu'a Terra inmolan!
Son eles fillos escuros,
os que ignoran

Honremos a quen nos honra
protexendo ô «Seminario de Estudos Galegos»

de quen é a lus do sangue
que nas suas veas chouta!
Son eles, coraçós féridos,
os que afogan
os berros de libertade
que saen da sua gorxa!
Eis tua mai, mozo das festas!
Agora...
non perdas baila nin trisca,
espadela nin esfolla,
que te non coute a tristura
n'esa idade venturosa,
ri de cote, ri-te a feito,
ri-te, idiota!

VICTORIANO TAIBO.

Axiña aparecerá

# Enxangadas

por Victoriano Taibo.

# ESTEBO

por Xosé Lesta Meis.

A novela que refrexa a nosa vida aldeán

# A FURNA

Mar bravo, terra bravía,
forte un, e outro mais forte;
falade co'a valentía
dos que rín diante da morte.
Se un revólvese antre escuma
e nos penedos enviste,
a outra erguida na bruma
tranquila os pulos resiste.
Calquera ao vervos coidara
que sodes dous enemigos
que rifades cara a cara,
a morte, e mais sin testigos.
Pro, eu, que antre vos nascín,
malia dos vosos enfados,
de cote xuntos vos vín
igoal que dous namorados;
e moitas veces, pro moitas,
ouín nos vosos rumores,
en ves do fragor das loitas,
brandas cántigas de amores.
Grandes, barudas, xigantes,

Estáse imprentando

**Vaosilveiro**

novela por Gonzalo López Abente.

xoguetes da pasión fera,
sódel-os firmes amantes
que enchédel-a azul esfera.
Mar bravo, terra bravía,
forte un, e outro mais forte,
falades co'a valentía
dos que rín diante da morte.
Amador que chega e fala
parolas doces a eito,
e amada que escoita e cala,
e ao amor ábrelle o peito.
O mar, galán namorado,
cantando chega hastra a orela,
e nos pes do ben amado
deixa unha ofrenda sinxela;
soberba, altiva, a montana
sinte de aquel bico o ardore
e unha furna abrir na entrana
n'un terremoto de amore.
¡Oh, furnas da miña terra
que abren os bicos do mar,
de cote o mistereo berra
no voso seo un cantar!
Mar bravo, terra bravía,
forte un, e outro mais forte;
falades co'a valentía
dos que rín diante da morte.

GONZALO LÓPEZ ABENTE

LEA VOSTEDE A REVISTA MENSUAL **NÓS** BOLETIN DA CULTURA GALEGA

**Suscríbase a**

# A NOSA TERRA

**Idearium das Irmandades da Fala**

Redaición e Adeministración

Real, 36-1.º A Cruña.

# Casas recomendadas

## ÓPTICA-PARDO

Procedimentos
científicos

Santiago. :-: A Cruña.

Sombreireiría
**Lemus**
A mais económica de
Galicia

S. Andrés 74 A Cruña.

## Merceiría OTERO

Artellos de labores: Novedás
para dona e cabaleiro

Apresto de froles: Lâs, me-
dias, calcetís, cravatas, cue-
llos e camisas

Real 58 A Cruña.

## Dr. MOSTEIRO

Médico-Dentista

Praza de Lugo, 19 A Cruña.

*Imprenta*
"NÓS"
Execútanse toda crás
de traballos tipográficos.

*Real, 36-1.º* *A Cruña.*

## Calzados SENRA

GRAN FÁBRICA

A CRUÑA

FERROL VIGO

## Tintoreiría Americana

Colores inalterabres
San Agustín, 21
A CRUÑA

## Urbano Losada

Médico

Fernández Latorre, 104-1.º

A CRUÑA

## Vicente Risco

ABOGADO

Santo Domingo, 47.

OURENSE

## Camilo Díaz Baliño

PINTOR ESCENÓGRAFO

Hortas, 37 Santiago.